



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Advo. San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601



## DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación Cluster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA) para a cesión de uso de 23 vehículos eléctricos e de estacións multifuncionais de electromobilidade*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 8 de maio de 2019.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.



**Xacobeo 2021**





**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE  
A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CLUSTER DE EMPRESAS  
DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) PARA A CESIÓN DE USO DE 23  
VEHÍCULOS ELÉCTRICOS E DE ESTACIÓNS MULTIFUNCIONAIS DE  
ELECTROMOBILIDADE**

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de servizos automobilísticos da Xunta de Galicia

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos atribuídos á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a dirección do Parque Móbil da Xunta de Galicia e a coordinación dos parques sectoriais pertencentes a outras consellerías, de conformidade co disposto no artigo 14.1.f) do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**ANTECEDENTES**

No ano 2011, a Consellería de Economía e Industria asinou un convenio de colaboración co Clúster de Automoción de Galicia (CEAGA) para o desenvolvemento dun plan piloto de electromobilidade, consistente na construción de sete estacións de electromobilidade na Comunidade Autónoma de Galicia, para a promoción dun novo modelo de mobilidade que reduza as emisións de CO<sub>2</sub>, eliminando a dependencia de combustibles derivados do petróleo e contribuíndo á implantación dun novo modelo enerxético eficiente e respectuoso co medio ambiente.

Nunha segunda fase do desenvolvemento deste plan piloto, en febreiro de 2013 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e CEAGA no que se cedeu o uso de 25 vehículos eléctricos e sete estacións de electromobilidade para o uso do Parque Móbil da Xunta de Galicia.





En aplicación do citado convenio, distribuíronse os bens obxecto de cesión entre os Servizos Centrais e as Delegacións Territoriais da Xunta de Galicia, sendo adicados, principalmente, para o traslado dos notificadores xudiciais e aqueles traslados urbanos que admiten a autonomía dos vehículos.

O citado convenio tiña como data de finalización o ano 2016, se ben foi obxecto de subscripción de novos convenios que deron continuidade a esta cesión ata a actualidade.

Tendo en conta o carácter gratuíto da cesión, o excelente resultado do uso destes vehículos eléctricos e a colaboración desta medida na redución das emisións de CO<sub>2</sub> e a difusión desta tecnoloxía, resulta conveniente subscribir un novo convenio co fin de continuar a usar os vehículos eléctricos e as estacións de electromobidade.

O uso das estacións de electromobidade non suporá ningún custe xa que o traslado e instalación deste equipamento foi financiado con cargo ao convenio inicial. En canto aos custes de funcionamento, tanto dos vehículos coma do consumo eléctrico das estacións, xa está integrado nos custes da Consellería ao estar incluído nas partidas que financian estas operacións.

## **FINALIDADE**

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Clúster de Empresas de Automoción de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue ata o 1 de marzo de 2021.

O convenio ten por obxecto a cesión de uso, por parte do Clúster de Empresas de Automoción de Galicia á Xunta de Galicia, de 23 vehículos eléctricos e seis puntos de recarga rápida e once puntos de recarga lenta das estacións de electromobidade propiedade da entidade cedente.





O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no interese concorrente entre ambas entidades e potenciar o desenvolvemento de enerxías eficientes enerxeticamente, así como no papel exemplarizante que deben representar as Administracións Públicas de cara a sociedade.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público, aprobada pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, con independencia de que lle poidan resultar de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019

O subdirector xeral de Coordinación de Servizos Transversais

Emilio José de la Iglesia Lema



De acordo coa proposta efectuada pola Subdirección Xeral de Coordinación de Servizos Transversais, veño a darlle a miña aprobación.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

